

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A
CORUÑA-

ACTA Nº 1-2014
DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO
MUNICIPAL

- DIA 30/01/2014-

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE(PP)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

Concelleiros ausentes:

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Intervención-----

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr.Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Interventora Municipal e da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr.Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- DACION DE CONTA DO INFORME DE TESOURERIA E INTERVENCIÓN AO ABEIRO DA LEI 15/2010 (3º e 4º trimestre 2013)

4º.- DACION DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN AO ABEIRO DA LEI ORGANICA 2/2012.

5º.- MOCIONS DE URXENCIA.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES

Acta Nº 15 Sesión ordinaria do día 26/12/2013

O Presidente preguntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, polos votos a favor dos 15 concelleiros presentes, dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda aprobada a acta citada

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/12/2013 ata o 31/12/2013, que comprenden os números 590/2013 ao 668/2013, cuxas relacións facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno coa convocatoria desta sesión:

- Acta N° 23 da Sesión ordinaria do día 10/12/2013
- Acta N° 24 da Sesión ordinaria do día 26/12/2013

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- DACION DE CONTA DO INFORME DE TESOURERIA E INTERVENCIÓN AO ABEIRO DA LEI 15/2010 (3º e 4º trimestre 2013)

O Sr. Alcalde da conta dos informes

“INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN

Asunto: Informe emitido en cumprimento das obrigas previstas na **Lei 15/2010**, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen **medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (terceiro trimestre)**.

1.- LEXISLACIÓN APLICABLE :

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

2.- ANTECEDENTES:

- Rexistros das facturas no rexistro que leva a intervención municipal de facturas como control para a súa contabilización.
- Contabilidade municipal

3.- INFORME :

PRIMEIRO.- Tendo en conta que a Lei 15/2010, de 5 de xullo, entrou en vigor o día seguinte da súa publicación no BOE (data de publicación 6 de xullo de 2010) en virtude da Disposición transitoria primeira da Lei, que establece que *“esta Lei será de aplicación a todos os contratos celebrados con*

posterioridade a súa entrada en vigor", entenderíase que, as facturas rexistradas con anterioridade ó 7 de xullo dese ano non se verían afectadas polas disposicións que se atopan na mencionada lei.

Así, segundo establece o artigo 216.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, a Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes (o computo dos prazos será en días naturais, sendo nulos os pactos en contrato) a data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

En caso de demora no prazo previsto anteriormente, a Administración deberá aboar ao contratista os intereses de demora así como a indemnización polo custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

SEGUNDO.- De acordo co previsto no artigo 4.3. da Lei 15/2010 os Tesoureiros o, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesa Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo

Terceiro.- Debe advertirse que as facturas en moitos casos non presentan rexistro de entrada no concello o que imposibilita á intervención coñecer a data de presentación por parte do contratista nas dependencias municipais. Así mesmo, faise constar que de conformidade co artigo terceiro, apartado tres, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas será dentro dos trinta días seguintes á data de expedición das certificacións ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato. Faise constar que, de conformidade coa interpretación da Xunta consultiva de contratación, o inicio do prazo é a data de expedición das certificacións ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato sempre que o contratista tivera expedido e entregado a factura antes do acto formal de recepción de conformidade, en caso contrario iníciase a partir da data de recepción de dita factura. Por esta razón, salvo que no expediente de contratación conste outra data da que poida ter coñecemento esta tesourería ou intervención, tómase coma data de referencia para calcular a morosidade a data de rexistro da correspondente factura no rexistro ao que se refire o artigo 5 da Lei 15/2010.

Quinto.- Baixo as premisas anteriores, e consultadas as obrigas pagadas e pendentes de pago na contabilidade municipal á data de 30/09/2013 (incluíndose o día de remate do trimestre), incumpríuse o prazo para o pago efectivo establecido no artigo 200.4 e Disposición Transitoria oitava da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público respecto dos seguinte número e contía global de obrigas:

- 1) Obrigas pendentes de pago ao final do terceiro trimestre 2.013 e que xa se atopan fora de prazo de pago: 742.284,00 € (cun total de 1.563 facturas).
- 2) Obrigas pagadas ao final do terceiro trimestre de 2.013 e que xa estaban fora de prazo no momento do pago: 467.245,39 € (cun total de 476 facturas).

Sexto.- O apartado cuarto do artigo 5º da Lei 15/2010, de 5 de xullo, establece que a Intervención incorporará unha relación das facturas ou documentos xustificativos emitidos polos contratistas a efectos de xustificar as prestacións realizadas por estes, con respecto aos cales transcorreran mais de tres meses dende a súa anotación no rexistro contable e para os que non se tramitara o correspondente expediente de recoñecemento de obrigas, ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación destes, ao informe trimestral ao Pleno que elabora o Tesoureiro sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local (anexo ao informe adxuntase a correspondente relación)

Sétimo.- De acordo co punto anterior do informe incorporase ao presente pola intervención as facturas ou documentos xustificativos para os que transcorreran mais de tres meses dende a súa anotación no citado rexistro sen que se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento de obrigas ou sen que se xustificase polo órgano xestor a ausencia da súa tramitación. A relación que se xunta ascende ao importe de 3.496,86 € e consta de 13 facturas

Oitavo.- Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación Local deberá remitirse copia deste informe ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ós da Comunidade Autónoma que, con arranxo á normativa autonómica, teñan competencia na materia.”

“INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN

Asunto: Informe emitido en cumprimento das obrigas previstas na **Lei 15/2010**, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen **medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (cuarto trimestre)**.

1.- LEXISLACIÓN APLICABLE :

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

2.- ANTECEDENTES:

- Rexistros das facturas no rexistro que leva a intervención municipal de facturas como control para a súa contabilización.
- Contabilidade municipal

3.- INFORME :

PRIMEIRO.- Tendo en conta que a Lei 15/2010, de 5 de xullo, entrou en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOE (data de publicación 6 de xullo de 2010) en virtude da Disposición transitoria primeira da Lei, que establece que *“esta Lei será de aplicación a todos os contratos celebrados con posterioridade a súa entrada en vigor”*, entenderíase que, as facturas rexistradas con anterioridade ó 7 de xullo dese ano non se verían afectadas polas disposicións que se atopan na mencionada lei.

Así, segundo establece o artigo 216.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, a Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes (o computo dos prazos será en días naturais, sendo nulos os pactos en contrato) a data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

En caso de demora no prazo previsto anteriormente, a Administración deberá aboar ao contratista os intereses de demora así como a indemnización polo custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

SEGUNDO.- De acordo co previsto no artigo 4.3. da Lei 15/2010 os Tesoureiros o, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesa Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo

Terceiro.- Debe advertirse que as facturas en moitos casos non presentan rexistro de entrada no concello o que imposibilita á intervención coñecer a data de presentación por parte do contratista nas dependencias municipais. Así mesmo, faise constar que de conformidade co artigo terceiro, apartado tres, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas será dentro dos trinta días seguintes á data de expedición das certificacións ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato. Faise constar que, de conformidade coa interpretación da Xunta consultiva de contratación, o inicio do prazo é a data de expedición das certificacións ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato sempre que o contratista tivera expedido e entregado a factura antes do acto formal de recepción de conformidade, en caso contrario iníciase a partir da data de recepción de dita factura. Por esta razón, salvo que no expediente de contratación conste outra data da que poida ter

coñecemento esta tesourería ou intervención, tómase coma data de referencia para calcular a morosidade a data de rexistro da correspondente factura no rexistro ao que se refire o artigo 5 da Lei 15/2010.

Quinto.- Baixo as premisas anteriores, e consultadas as obrigas pagadas e pendentes de pago na contabilidade municipal á data de 31/12/2013 (incluíndose o día de remate do trimestre), incumpríuse o prazo para o pago efectivo establecido no artigo 200.4 e Disposición Transitoria oitava da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público respecto dos seguinte número e contía global de obrigas:

- 1) Obrigas pendentes de pago ao final do terceiro trimestre 2.013 e que xa se atopan fora de prazo de pago: 531.608,38 € (cun total de 934 facturas).
- 2) Obrigas pagadas ao final do terceiro trimestre de 2.013 e que xa estaban fora de prazo no momento do pago: 695.842,46 € (cun total de 1.378 facturas).

Sexto.- O apartado cuarto do artigo 5º da Lei 15/2010, de 5 de xullo, establece que a Intervención incorporará unha relación das facturas ou documentos xustificativos emitidos polos contratistas a efectos de xustificar as prestacións realizadas por estes, con respecto aos cales transcorreran mais de tres meses dende a súa anotación no rexistro contable e para os que non se tramitara o correspondente expediente de recoñecemento de obrigas, ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación destes, ao informe trimestral ao Pleno que elabora o Tesoureiro sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local (anexo ao informe adxuntase a correspondente relación)

Sétimo.- De acordo co punto anterior do informe incorporase ao presente pola intervención as facturas ou documentos xustificativos para os que transcorreran mais de tres meses dende a súa anotación no citado rexistro sen que se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento de obrigas ou sen que se xustificase polo órgano xestor a ausencia da súa tramitación. A relación que se xunta ascende ao importe de 4.472,48€ e consta de 21 facturas

Oitavo.- Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación Local deberá remitirse copia deste informe ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ós da Comunidade Autónoma que, con arranxo á normativa autonómica, teñan competencia na materia.”

Advírtese polo vicevoceiro do PP, Ricardo Besada, que en ambos informes se pasa do apartado terceiro ao quinto directamente, que debe de ser un erro.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

4.- DACION DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCION AO ABEIRO DA LEI ORGANICA 2/2012.-

O Sr. Alcalde da conta do informe

“INFORME DE INTERVENCIÓN.

Asunto: Desenvolvemento das obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

D.Águeda Bello Valdés interventora do Concello de Rianxo (A Coruña) en relación ao asunto de referencia ten a ben emitir o seguinte

INFORME

No artigo 10 da Orde Ministerial HAP/2105/2012 pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e

Sostenibilidade Financeira, emite o presente informe, en referencia ao cuarto trimestre de 2.013 sobre os extremos sinalados na citada norma.

O sinalado artigo establece, no seu punto 1, a obriga de que a "Administración que conte cun plan de axuste acordado co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, durante a súa vixencia, deberá remitir ao mencionado Ministerio antes do quince de cada mes, no caso da Comunidade Autónoma e antes do día quince do primeiro mes de cada trimestre no caso da Corporación Local, información sobre, a lo menos, os seguintes extremos (...)".

Así, contando este Concello cun plan de axuste ao abeiro do Real Decreto 4/2012, aprobado por acordo Plenario de data 30 de marzo de 2.012 e informado favorablemente polo Ministerio con data 30 de abril de 2.012, esta incurso na obriga de presentar a sinalada información.

Por outra banda, as operacións de peche do exercicio non están rematadas aínda, se ben pódese falar xa de importes moi próximos ao mesmo, faltando por reflexa contablemente operacións de finais de exercicio. Así mesmo, o artigo 191 do Real decreto Legislativo 2/2004 establece a obriga de ter liquidado o exercicio antes do 1 de marzo do ano seguinte, prazo que se estima perfectamente respectable mais a día de hoxe non constan efectuadas operacións de cálculo de desviación de financiación nin outras necesarias para a conformación dos estados de liquidación, remanente de tesourería e resultado orzamentario.

Coas citadas salvedades, traballase sobre os datos provisionais que arroxa a contabilidade a data de hoxe, como xa se sinala, moi próximos aos definitivos e respecto dos que as variacións que puideran existir afectarán fundamentalmente ao capítulo I a VII de ingresos.

Os extremos sobre os que establece a citada norma que debe pronunciarse a Entidades son os seguintes:

- a) Avales públicos recibidos e operacións ou liñas de crédito contratadas identificando a entidades, total do crédito dispoñible e o crédito disposto.

O Concello de Rianxo non recibiu ningún aval público nin concertou operacións ou liñas de crédito no último trimestre de 2.012.

- b) Débeda comercial contraída clasificada pola súa antigüidade e o seu vencemento. Igualmente, incluírase a información dos contratos subscritos con entidades de crédito para facilitar o pago a provedores.

O Concello de Rianxo non realizou este tipo de operacións no último trimestre de 2.013.

- c) Operacións con derivados

O Concello de Rianxo non realizou no último trimestre de 2.013 operacións deste tipo.

- d) Calquera outro pasivo continxente.

Tampouco constan operacións no último trimestre de 2.013.

- e) Análise das desviacións producidas no calendario de execución ou unha medidas do plan de axuste.

O plan de axuste ao que fai referencia o encabezamento deste informe contiña, sinteticamente, as seguintes medidas:

- 1) Pola banda dos ingresos prevíanse as seguintes:
 - a. Prevíase un incremento do tipo impositivo do IBI e do IVTM para o exercicio 2.013 que foi levado a cabo respecto ao IVTM non respecto ao IBI. Non obstante en termos brutos, si que se leva a cabo un incremento dos ingresos tributarios, nun

importe global en miles de euros de 6.878,39 € a fin de exercicio, o que supón un incremento do 16,23% respecto ao previsto no plan de axuste inicial

- b. Prevíase un reforzo da eficacia da recadación executiva e voluntaria (asinamento de convenios de colaboración co ESTADO e/o CCAA). Neste caso , esta intervención descoñece a adopción dalgún tipo de medida.

2) Pola banda dos gastos prevíanse as seguintes:

- a. Reducción de custes de persoal. Analizadas as obrigas recoñecidas no capítulo 1º (gastos de persoal) ao longo do exercicio 2012 (2.188.643,26 €) e ao longo do exercicio 2.013 (2.402.204,85) non se cumpren as previsións do plan de axuste.
- b. Reducción de celebración de contratos menores , esta intervención descoñece a adopción dalgún tipo de medida a este respecto.
- c. Respecto a redución dunha inversión prevista inicialmente, neste caso Paseo Marítimo de 146.700 €. Consta no orzamento do exercicio 2.012 unha incorporación de remanentes afectados por importe de 136.685,65 € correspondente ao proxecto 5F "Paseo Marítimo". A incorporación é obrigatoria xa que dito gasto esta financiado cun préstamo do exercicio 2.004, que no momento actual xa esta concertado e estanse asumindo as obrigas de pagos inherentes ao mesmo. O desestímato da execución deste investimento non suporía a minoración da execución dos gastos de ningún dos vindeiros exercicios xa que o Concello de Rianxo xa esta facendo fronte as obrigas correspondentes ao Préstamo que financia esta obra.
- d. Outras medidas polo lado dos gastos. Considerase unha redución anual en gasto por transferencias correntes de 40.000 € dita redución foi efectuada.
- e. Estimación realista dos dereitos de dudoso cobro .Por falta de datos na actualidade estimase a cifra estimada de dereitos de dudoso cobro igual que ao peche do exercicio 2.012.
- f. Respecto a estimación dos dias de promedio de pago aos provedores faise unha estimación do período medio de pago segundo os informes trimestrais rendidos.
- g. Os gastos pendentes de imputar ao orzamento son os que se recollen ao dia da data pendentes de tramitación, sen preuxizo de que sexan susceptibles de incrementarse.

Informase, por ultimo que respecto da obriga establecida no apartado 3 do artigo 10 da Orde Ministerial HAP/2105/2012 esta interventora esta a cubrir os modelos e formularios postos a disposición do Concello a través da Oficina Virtual das Entidades Locais baseándose nos datos que ofrece actualmente a contabilidade municipal, que como xa se sinalou non son definitivos por estar pendente de aplicación contable operacións de finais de exercicio e de realización dos cálculos de liquidación."

O vicevoceiro do PP, Ricardo Besada, advirte que no apartado a) do informe pode haber un erro porque se refire ao ano 2012.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

5.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

A Presidencia pregunta se hai mocións.

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

5.1. MOCIÓN DO BNG PARA DEMANDAR A TITULARIDADE PÚBLICA E DISPOSICIÓN UNIVERSAL DO PATRIMONIO ARTÍSTICO DAS ANTIGAS CAIXAS DE AFORRO GALEGAS (RXE nº 431, do 27/01/2014).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Adelina Ces Quintáns que defende a urxencia na coñecida merca das caixas de aforro por Banesco.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Froito do traballo e do esforzo de miles de galegas e galegos que depositaron os seus aforros nas caixas galegas, estas, cumprindo só unha pequena parte da súa obrigada función social, foron capaces de acumularen unha colección de obra plástica e de inmóbeis que representan gran parte da nosa creación artístico – cultural desde finais do século XIX até os nosos días.

Este patrimonio mostra o alto nivel que o pobo galego acadou na expresión artística, e conforma a nosa historia e a nosa identidade colectiva. Tamén constitúe un activo económico que as galegas e galegos xa pagaron cunha mínima parte das ganancias producidas polos seus cartos, cando non con eles directamente (accións preferentes ou subordinadas). Para alén disto, este patrimonio ten unha enorme capacidade potencial como instrumento educativo e formativo e mesmo pode xerar ingresos cunha proposta de exhibición e de xestión acaída.

Aínda que a declaración destas obras como Ben de interese Cultural é unha medida positiva, non é suficiente para evitar a súa venda, a privatización, a disgregación ou a saída de Galiza. Así, a privatización das caixas galegas pode provocar o espolio e a deslocalización deste ben propiedade de todo o pobo galego. A Xunta de Galicia ten a obriga legal e moral de velar pola integridade, pola conservación, pola posta en valor e polo rendemento económico deste patrimonio e de evitar por todos os medios o espolio desta riqueza agora en mans de Novagalicia Banco, mais aínda cando dita entidade acaba de ser alleada a unha entidade privada que ten o seu centro de decisión fóra do país.

A sociedade galega debe ser consciente deste feito e do risco que corre o patrimonio cultural e artístico galego depositado naquela entidade financeira, e achegar o seu esforzo para defender a súa lexítima propiedade e o seu dereito a gozar desta obra artísticas, demandando da Xunta de Galicia que tome con urxencia todas as medidas para garantir que o patrimonio cultural e artístico existente en Novagalicia Banco sexa de titularidade pública.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Que sexa de titularidade pública a totalidade do patrimonio artístico das antigas caixas de aforro.
2. Manter a sede deste patrimonio en Galiza.
3. Garantir a súa visitabilidade e acceso público.>>

O Alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que a Xunta de Galicia está tratar de garantir a maior protección posible para este valiosísimo patrimonio

artístico e bibliográfico e traballa co obxectivo de facilitar que as galegas e os galegos poidan coñecelo, achegarse e gozar del.

Neste sentido, como ben deberan coñecer os asinantes da moción, o Goberno Galego xa incoou o pasado mes de outubro 3 expedientes paralelos pero independentes para proceder á declaración de ben de interese cultural (BIC) deste patrimonio, en concreto a través das seguintes Resolucións (publicadas no DOG e, por tanto, a disposición para a súa consulta pública por parte de calquera ...):

- Resolución do 23 de setembro de 2013, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoa expediente para a declaración de ben de interese cultural da Colección Novagalicia Banco (DOG número 186, de 30 de setembro de 2013).
- Resolución do 23 de setembro de 2013, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoa expediente para a declaración de ben de interese cultural da Colección Novacaixagalicia (DOG número 187, de 1 de outubro de 2013).
- Resolución do 23 de setembro de 2013, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoa expediente para a declaración de ben de interese cultural do fondo bibliográfico e documental de Novagalicia Banco (DOG número 188, de 2 de outubro de 2013).

Cómpre salientar que con esta incoación do proceso de declaración como BIC do patrimonio artístico e bibliográfico das extintas Caixas, a Xunta de Galicia está a garantirlle a máxima protección posible que contempla a lexislación vixente, xa que:

- o mero inicio destes trámites supón a protección inmediata de todo este patrimonio, determinando a aplicación cautelar do réxime previsto na lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia para os bens xa declarados (ao abeiro do establecido no artigo 10.3 da devandita lei).
- ademais, optouse pola súa declaración como “coleccións”, de xeito que se garante a súa integridade como conxunto, impedindo o seu desmembramento.

en definitiva, a xunta de Galicia está a colaborar coas entidades propietarias destes bens para contribuír á máxima protección e difusión do seu patrimonio artístico:

- utilizando para elo todos os instrumentos posibles dentro das canles e límites que habilita o actual ordenamento xurídico, de cara a preservar a integridade destas coleccións.
- e, en paralelo, tratando de fomentar o seu goce e acceso por parte da cidadanía galega, de xeito que poidan seguir sendo exhibidas en formatos e espazos diversos de toda a xeografía galega e, nomeadamente, para que os espazos dependentes da xunta de Galicia poidan acollelas con carácter temporal.

Neste sentido, como tamén debera coñecer o BNG, a Xunta de Galicia asinou por exemplo, o pasado mes de decembro un convenio de colaboración con Novagalicia Banco polo que esta entidade lle cede o seu fondo bibliográfico durante un período de 5 anos en réxime de comodato para o seu depósito na Biblioteca de Galicia (sita na Cidade da Cultura de Galicia), o que permitirá darlle unha maior notoriedade e accesibilidade a este patrimonio, tanto entre o público en xeral como para os investigadores.

Aínda que o BNG non menciona en momento algún a existencia deste convenio, ben por omisión voluntaria ou por descoñecemento, o que cómpre, á hora de facer política rigorosa é documentarse, informarse e ser por enriba de todo coherentes co ordenamento xurídico de aplicación. Básico debera ser, actualizar a información antes de acudir a rexistrar

mocións, máis que nada para non confundir e non instar a adopción de acordos que carecen de virtualidade práctica, toda vez que xa se acometeron.

O Goberno Galego cumpre con todas as obrigas, as morais e as legais, de motu propio, non porque o solicite o BNG. Dito isto, non semella moi de recibo que o BNG demande urxencia ante un tema, coma o do valioso patrimonio artístico, bibliográfico e documental das extintas Caixas, cando dende o minuto un foi tema prioritario para o PPdeG, e se traballou arreo na procura tanto de facilitar á accesibilidade e o disfrute pola sociedade galega como de garantirlle a máxima protección segundo á normativa vixente.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que é certo que hai un perigo real de perda deste patrimonio artístico e documental, unha vez que o banco resultante ven de ser vendido a unha entidade privada venezolana, Banesco. Son arredor de 7.000 obras dos pasados séculos XIX e XX con pinturas de Castelao, Díaz Pardo, Laxeiro, Colmeiro e outros moitos artistas de prestixio, tamén non galegos.

Continúa recoñecendo que a Xunta de Galicia declarou este patrimonio como BIC, pero entendemos que esta medida non é suficiente para salvagardalo de especulacións estranas. De aí que apoiamos que este valiosísimo legado artístico pase a titularidade pública con sede en Galicia. Lembrar que Carlos Henrique Fernández Coto, xunto con Helena Villar Janeiro, veciños desta localidade, iniciaron a petición de declaración de BIC coa recollida de centos de firmas, e que esta solicitude foi tramitada deste o Portelo Único deste Concello. Reciban o noso recoñecemento polo súa inquietude, traballo e resultado acadado.

Por outra banda, dado que arredor de 70 pinturas de Castelao conforman parte desta colección artística, consideramos o deber de solicitar á Xunta que este importantísimo legado teña a súa sede en Rianxo para nun futuro facelo accesible ó público na casa museo do propio autor. Namentras, propoñemos o Pazo de Martelo como seu destino, pois entendemos que este inmovible está acorde coa valía das obras de Castelao. Falamos dun monumento declarado histórico-artístico en 1973 e no que, ademais, esperamos sexa pronto sede da propia Fundación Castelao. En sí, o propio Castelao tivo xa unha relación artística co propio Pazo ao debuxar os seus escudos para a revista Nós.

Polo exposto, solicitamos se teña a ben incluír na Moción o seguinte:

Instar á Xunta de Galicia a que as pinturas de Castelao que forman parte do patrimonio artístico das antigas Caixas de Aforro Galegas teñan a súa sede en Rianxo, facendo depositario das mesmas ó Concello de Rianxo que garantirá a súa visitabilidade e acceso público.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que cree que está ben defendida, amosa o seu acordo coas verbas do voceiro do PSOE, esto é o que se debe facer para manter e protexer o patrimonio cultural-artístico.

O que di o Partido Popular non se corresponde cunha tramitación dirixida a garantir que a colección non saia de Galicia, iso en primeiro lugar, e en segundo parécelle axeitado que a proposta do voceiro do PSOE se incluía no texto da moción.

O alcalde engade que algo semellante podería facerse en relación coa colección de Dieste, que tamén se vendera a Caixa Galicia, esa é a primeira razón; a segunda é que debido a que eran caixas cunha labor social, sen embargo o pobo tivo que volver a pagar 40 mil millóns para que as obras volvan á titularidade pública e non pase ao banco mexicano Banesco, debe de haber sensibilidade para facelo, o cambio sería o inverso, nun principio tería que terse declarado o seu carácter de BIC.

Rematado o debate, sométese a moción a VOTACIÓN co engadido proposto polo voceiro do PSdeG-PSOE, sendo **APROBADA** por 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) con 5 votos en contra (5 dos membros do PP), e 0 abstencións, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, de xeito que o texto da parte resolutiva queda como segue:

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Que sexa de titularidade pública a totalidade do patrimonio artístico das antigas caixas de aforro.
2. Manter a sede deste patrimonio en Galiza.
3. Garantir a súa visitabilidade e acceso público.
4. Que as pinturas de Castelao que forman parte do patrimonio artístico das antigas Caixas de Aforro Galegas teñan a súa sede en Rianxo, facendo depositario das mesmas ó Concello de Rianxo que garantirá a súa visitabilidade e acceso público

5.2.- MOCION DO BNG CONTRA A SUBA NAS TRIBUTACIÓNS DAS PERSOAS AUTÓNOMAS E PEQUENAS EMPRESAS (RXE nº 432, do 27/01/2014).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Adelina Ces Quintáns que defende a urxencia pola repercusión que esta nova medida supón na situación económica actual.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns , lee a moción:

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A situación económica para moitas persoas autónomas e titulares de PEMES é crítica. Sobre todo, persisten as dificultades para obter liquidez para a maior parte das empresas galegas (microempresas e pequenas empresas) para poder continuar realizando a súa actividade.

Esta situación vese agravada na actualidade pola política económica emprendida polo Goberno central, sobre todo por unha reestruturación financeira que non asegurou que os inxentes fondos públicos destinados ao apoio do saneamento da banca tivesen como destino final os sectores produtivos, e dun xeito máis concreto polas últimas decisións adoptadas relativas ao incremento dos custos sociais, a través do aumento das cotizacións para autónomos e autónomas.

Así, o Goberno vén de aprobar un considerábel incremento das cotizacións mínimas para as persoas autónomas que contan con 10 ou máis persoas empregadas no último ano así como as persoas traballadoras autónomas incluídas neste réxime especial ao amparo do que establece a disposición adicional vixésimo sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que representa unha suba do 22%, case 60 euros ao mes. A consecuencia directa desta medida será afondar no estrangulamento económico ás persoas autónomas e a emprendedoras. Ademais, o efecto indirecto será a destrución de emprego neste tipo de unidades económicas ao forzar a que microempresas destas características contraten menos de 10 persoas.

Por outra banda, tamén se produce un incremento da base mínima para persoas autónomas, que é a cotización maioritaria en Galiza, que provocará un incremento de máis de 60 euros ao ano para as mesmas.

Estas medidas aplícanse sen ningún tipo de diálogo co sector, como critican as principais asociacións de persoas autónomas galegas e do Estado.

Non ten sentido que se incrementen as cargas sobre estas unidades económicas mentres se aumentan as axudas a grandes empresas, ao mesmo tempo que se manteñen sobre elas enormes vantaxes fiscais que impiden ao Estado manter políticas económicas anticíclicas.

Estas mudanzas prodúcense co suposto obxectivo de facer viábel a Seguridade Social, que para o presente ano terá un déficit de máis de 10.000 millóns de euros. Neste contexto, o conxunto de reformas que gravarán con máis cargas ás persoas autónomas terán un impacto de menos de 1.000 millóns, polo que non contribuirá a resolver este problema ao mesmo tempo que provocará nefastas consecuencias para a maioría de empresas do tecido produtivo. Mesmo debemos resaltar que o citado déficit ten unha causa directa na acusada baixa de cotizacións por mor da redución salarial, impulsada polas políticas do Goberno, sobre todo desde a reforma laboral.

O mecanismo máis eficaz para a sustentabilidade da Seguridade Social pasa por unha reforma fiscal e políticas activas de emprego que reduzan a enorme taxa de paro, por asegurar o mantemento o nivel salarial de todos e todas as traballadoras, e non por incrementar as cotizacións aos segmentos máis vulnerables do tecido empresarial nun momento que atravesan serias dificultades económicas.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguintes:

ACORDOS:

Instar á Xunta de Galiza a

1. Demandar do Goberno do Estado a un posicionamento contrario a esta suba nas cotizacións para persoas autónomas e pequenas empresas.
2. Demandar do Goberno do Estado aprobar as reformas lexislativas necesarias de cara a promover unha reforma fiscal verdadeiramente progresiva, que grave ás grandes fortunas e grandes empresas, persiga a fraude fiscal e non incremente as cargas sobre as persoas autónomas e pequenas empresas.
3. pór en práctica políticas activas de emprego en Galiza, como mellor mecanismo para garantir a sustentabilidade da Seguridade Social, con especial incidencia nas políticas sobre a mocidade e as mulleres, os segmentos máis vulnerábeis para a obtención de emprego.>>

O Alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que se absterán.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que a apoian.

O alcalde di que a moción fai referencia a determinados aspectos sendo destacable a nova carga que se fai nas pymes neste país que son gran parte do motor económico co esforzo laboral e económico que asumen os autónomos. A sangría da seguridade social esta na emigración e no paro existente e non na vía de esixir mais a clase media a través do tributos vía IRPF, seguridade social, etc. Hai que ver como en Estados Unidos o presidente Obama esta adoptando políticas dirixidas a novas incorporacións de traballadores, ou no Brasil outras que supoñen o paso de maior poboación á clase medie e en España estase a facer o contrario, en vez de consolidar o que tiñamos.

Rematado o debate, sométese a moción a VOTACIÓN, sendo **APROBADA** por 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) con 5 abstencións (5 dos membros do PP), e cero votos en contra, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

P.1. A voceira do grupo municipal do Partido Popular, Vanesa Martínez Durán pregunta canto custou a pedra que se colocou na rotonda do Pavo Real.

P.2. A voceira do grupo municipal do Partido Popular, Vanesa Martínez Durán pregunta respecto da Ponte de Catoira que se vai facer co alumeadado e custes que resulten mentres a Deputación Provincial non faga o traspaso.

O alcalde pídelles aclaración sobre o que pregunta.

A voceira do grupo municipal do Partido Popular, Vanesa Martínez Durán di si se vai a asumir os custes de mantemento mentres non se faga cargo a Deputación provincial.

O alcalde di que o concello de Rianxo leva facéndose cargo dos custes de mantemento na Ponte de Catoira. Agora coa nova Lei de racionalización da Administración Local xa non lle correspondería ao concello, xa debería ser a Deputación Provincial a que se preocupara cada vez que houbera un estrago, nela. Na prensa o Partido Popular da Xunta de Galicia e o a Deputación Provincial di que se faga, que hai un pacto pero o papel non aparece asinado. Todo o tempo saen reunións a tres bandas para facer o traspaso que o propio é que fora asumida a titularidade pola Xunta de Galicia pois comunica dúas provincias, e non ten a atención que debe recibir, facéndolle o concello fronte aos custes de reparación que pode. Hai que instar á Deputación Provincial para que se sente coa Xunta de Galicia e arranxen este tema dunha vez. Tamén espera que os interventores coa nova Lei 27/2013 lle impidan aprobar esas facturas.

Con respecto a primeira pregunta o alcalde di que preparará un informe do custe de transporte porque non hai outro custe.

A concelleira do Partido Popular M^a Nieves Vicente Varela pregúntalle ao Alcalde respecto do Ponte de Catoira, si o pediu á Deputación Provincial como deputado.

O alcalde dille que si, que hai un dossier.

A voceira do grupo municipal do Partido Popular, Vanesa Martínez Durán e a concelleira M^a Nieves Vicente Varela din que si o traen como mocións ao pleno o Partido Popular de Rianxo o apoiaría.

O voceiro do grupo municipal do PSOE, José Carlos Gey Hermo, engade que tamén temos o problema da unión da Ponte de Catoira coa autovía.

O concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, José Ricardo Besada Gesto di que ese tema da autovía xa se trouxo ao pleno, pero pode volver a traerse.

A voceira do grupo municipal do Partido Popular, Vanesa Martínez Durán, lémbrolla que hai pacto do alcalde asumindo os custes de mantemento.

O alcalde di que si pero que non entende neso incluído o da reposición das farolas, que ao final non se dan reunido e tomada a decisión para asumilo a Xunta de Galicia.

P.3. *O concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, José Ricardo Besada Gesto, pregunta polo feísmo urbanístico que supón o actual estado da antiga farmacia e dubida de que aos veciños non lles entre auga.*

O voceiro do grupo municipal do PSOE e concelleiro de Urbanismo, José Carlos Gey Hermo, explica que houbo un proxecto de demolición con licenza concedida pola Xunta de Goberno Local e que executouse non na súa totalidade. Pedíuse un informe técnico sobre o perigo de se retiraba o muro puidera caer a casa colindante, caso de non facerse habería que incoar un expediente sancionador.

P.4. *O concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, José Ricardo Besada Gesto, pregunta que pasa coas tarxetas de residentes para aparcamento.*

O alcalde di que consultará coa policía local pero pode dicir que mirase de que realmente sexan residentes alí, non hai problema para expedir mais se ben tamén hai que controlar como se reparte.

O voceiro do grupo municipal do PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que o propio é que quen vive nunha lugar poda aparcar o mais próximo á súa residencia.

O alcalde di que incluso habería que non só regular o proceso senón revisar as existentes porque seguramente houbo cambios de domicilio, etc.

O voceiro do grupo municipal do PSOE, José Carlos Gey Hermo, comenta que o mesmo acontece coas prazas de discapacitados.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:04 minutos, de orde da Presidencia, e ao non haber público non se abre a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:05 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo